O LUGAR DE GALICIA NA PRIMAVERA INTELECTUAL IBÉRICA

Cid Seixas

Os eruditos do século XVI impuxeron ó mundo a idea de que a Idade Media representa a longa noite, ou o momento de tebras, da civilización occidental. A designación, hoxe corrente, de Renacemento, para o mundo instaurado polos acontecementos do século XVI, tamén reafirma a idea dun hiato entre o mundo antigo e o admirable mundo novo.

Non imos contestar aquí esta perspectiva, difundida, tal vez, debido ó feito de longos anos da Idade Media

teren sido marcados polo dominio de Europa por pobos chegados doutros continentes. O mundo cristián, en que o antigo imperio romano se converteu, foi invadido por culturas e crenzas diversas, tendo algúns invasores dado orixe a civilizacións que hoxe deteñen grande poder en Europa.

Nos lugares onde os invasores procuraron asimilar a antiga tradición greco-romana, fixéronse tentativas de construír un novo imperio europeo.

Na Península Ibérica, que polas súas características e riquezas culturais se constitúe nun verdadeiro continente, a concentración de árabes e xudeus fixo florecer unha importante cultura diferenciada doutras rexións de Europa. En Andalucía, por exemplo, ó redor do século XII, a cultura xudaico-mozárabe permitiu o florecemento dunha primavera intelectual comparable, en moitos aspectos, ó renacemento do século XVI.

Mais este mesmo século XII que marca o apoxeo e o declinio da cultura mourisca, no continente hispánico, asiste ó esforzo de recuperación da cultura cristiana. É aí que ten lugar destacado a contribución do pobo galego a tódalas Españas. Cidades como Vigo e Compostela, esta última tornada sagrada pola longa tradición mítica en torno ó apóstolo Santiago, convertéronse en lugar de conver-

xencia do espírito occiental-cristián. Se os mouros se voltaban cara á súa cidade santa, os cristiáns encontraron en Santiago de Compostela a súa propia Meca.

É por iso que os poderosos reis de León e Castela, ou mesmo os seus descendentes no novo reino de Portugal, aprenderon a lingua galega. Nas ordes relixiosas, homes eruditos, versados na lingua latina e na filosofía grega, tornáronse mestres da nobreza ibérica.

A Galicia dos séculos XII e XIII, ¿non sería unha especie de centro intelectual de reacción cristiá á extraordinaria cultura mourisca constituída pola diáspora árabe e xudaica ó atinguir a Península Ibérica?

E por iso Galicia é berce e palco dun movemento artístico que reúne música, danza, poesía e teatro na arte dos trobadores, segreis e xograis. Este movemento galego tivo para a Península Ibérica unha importancia com-

parable ó movemento dos trobadores provenzais con relación á outra Europa.

Cando na rexión francesa de Langue d'Oc os trobadores acadaron altos momentos de poesía en lingua vernácula, a súa arte foi imitada en Italia, en Alemania e noutras rexións onde as linguas e culturas nativas tentan segui-los camiños inventivos das culturas grecolatinas, aínda vivas na tradición literaria.

Se para o resto de Europa o trobadorismo provenzal foi o modelo preponderante, para as Españas serviu de norte o trobadorismo galego. O poderoso rei Don Afonso X, o Sabio, que reunía na súa cabeza as coroas de León e Castela, ademais doutras terras, utilizaba tanto o castelán canto o galego nas súas composicións. Seu neto, Dom Dinís, rei de Portugal, tamén compuña as súas cantigas en galego. Da vella lingua literaria de Galicia, hoxe chamada galego-

portugués, chegamos á nosa propia lingua portuguesa, falada en Portugal, parte de Africa e no Brasil.

Estas raíces antigas e eruditas, de onte, ligan a cultura brasileira e bahiana de hoxe á cultura dos galegos. Os millares de galegos e seus descendentes que, na súa diáspora, viñeron morar na Bahía, teñen connosco este lazo común. Nós, brasileiros, somos tamén un pouco galegos.

O Brasil ten os seus costumes, as súas crenzas, o seu pensamento e a súa arte estreitamente ligados a Portugal. Os escritores brasileiros valémonos dun tesouro común ós portugueses: a nosa lingua, a nosa tradición literaria. Mais esta lingua e esta tradición literaria están umbilicalmente ligadas ó pobo galego.

O primeiro movemento da literatura portuguesa foi o trobadorismo galaico, que non era un simple acontecemento local, senón unha poderosa expresión artística transformada en moda común á Península Ibérica.

Convén sinalar que a importancia deste trobadorismo galaico, e portugués tamén, non se estende só ás Españas, senón que é recoñecida en todo o mundo. Xa os poetas medievais doutros países procuraban coñece-la nosa lírica, como ben rexistra Ernest Robert Curtius, no seu libro ***Literatura europea e idade media latina***. Raimbaut de Va-queiras, no século XIII, presenta unha composición da cal as súas cinco estrofes están compostas alter namente nas linguas poéticas máis usadas no mundo románico: provenzal, italiano, francés, gascón e galego.

Co advento do Renacemento, o interese por esta producción non decaeu, tanto que dous dos nosos máis completos cancioneiros son copias italianas do século XVI. E este interese permanece nos séculos XIX e XX. En Alemania, por exemplo, os estudios das partituras codaxianas posibiltaron gravacións de discos con posibles hipóteses do que tería sido a melodía das cantigas galegas, unha vez que a notación musical da época non foi descodificada polos musicólogos. Por outro lado, a comprensión do panorama lingüístico e literario medieval debe ter en conta a natureza do substrato cultural da rexión, inclusive a historia do período anterior ás invasións dos romanos, xermanos e árabes.

Cando os exércitos de Roma enfrentaron os Lusitanos e os Galegos, encontraron civilizacións seculares, con institucións sólidas e nativas, como a dos antigos Celtas Ibéricos, Keltiberi ou Calaicos, como eran cha-

Bayllia
das avelaneyras

Aguas Mansas de Pero Rayo

Bailemos nos ja todas tres, oy amigas,
ao pee das avelaneyras frolidas
e quem ben nolas, como nos, collidas,
ay amig' amas
ao pee das avelaneyras frolidas
vimos bailar.

Bailemos nos ja todas tres, oy amigas,
ao pee de ramos d' avelaneyras
e quem ben loadas, como nos, loadas,
ay amig' amar.
ao pee de ramos d' avelaneyras
vimos bailar.

Por Deus, oy amigas, mentr' al nó fazemos,
ao pee de ramos froridos bailemos
e quem ben parecer, como nos parecermos,
ay amig' amar.
ao pee de ramos de frolidas avelaneyras
vimos bailar.

mados polos romanos. Os historiadores datan dun milenio antes de Cristo a emigración celta desde Europa Central cara á Península Ibérica, fundindo a súa cultura coa das tribus nativas e forxando unha nova civili-

zación, a dos celtíberos, con técnicas e sistemas máis avanzados.

Esta superposición de culturas diversas – dos Celtas, Romanos, Suevos, Visigodos e Mouros – tal vez explique a tradición artística galego-portuguesa, de carácter nativo ibérico, capaz de se enriquecer co influxo provenzal traído polas cruzadas e polos caballeiros da fe.

Cando vémo-lo século XIII en Galicia como unha equivalencia, para a cristiandade, da grande efervescencia intelectual de orixe árabe en Andalucía, estamos falando dun proceso cultural altamente rico, dunha especie de antropofaxia cultural hispánica. Os eruditos e estudiosos dos mosteiros galegos válense dos elementos culturais árabes, longamente infundidos no mundo ibérico, para forxa-la súa arte, unha arte galega e ibérica.

Moitos autores de tratados académicos ou escolares pretenden subordina-la arte dos galegos á dos provenzais, esquecéndose do complexo tecido que dá sus tento ó trobadorismo galaico-portugués. En Galicia coñecíanse, por un lado, as composicións en latín dos cregos e eruditos, reunidos nos escritorios monásticos; e, por outro lado, as cancións e poemas en árabe e en lingua mozárabe. Da reunión de elementos lati-

nos e árabes surxiu o trobadorismo galaico-portugués.

As cantigas de amigo, que constitúen o máis rico material poético do noso trobadorismo, son de orixe popular. E esta tradición galega dun home compondo unha cantiga para expresa-lo sentimento dunha muller, como se fose a propia muller quem fala, é unha correspondente hispánica dun tipo de composición traída polos árabes.

As nosas cantigas de amigo, nas cais unha moza fala coa nai, coas irmás, ou mesmo coa natureza, sobre o seu amigo – isto é o seu amado –, equivalen ás antigas carjas, compostas en mozárabe. A muller elixe como obxecto a ser cantado na sua carja o habib, ou sexa o amado, como neste pequeno fragmento, onde palabras latinas e árabes se confundem:

– "Que faré mamma?
Meu al-habib est'ad yana."

Galicia foi, polo tanto, nunha tal perspectiva, centro de constitución dunha cultura occidental-cristiana no mundo mourisco da Península Ibérica.

Polos lazos galego-portugueses, estas raíces antigas e eruditas, de onte, ligan a cultura brasileira e bahiana de hoxe á cultura dos galegos. Por iso, repetimos, para non dicilo máis: os millares de galegos e seus descendentes que, na súa diáspora, viñeron morar na Bahía, teñen connosco este lazo común. Nós, brasileiros, somos tamén un pouco galegos.

SEIXAS, Cid. O lugar de Galicia na primavera intelectual ibérica. Traballo presentado á mesa redonda *Galicia em Foco.*
www.linguagens.ufba.br